



Concello de BUEU

E.Vincenti, 8. 36930 BUEU (Pontevedra) CIF: P3600400J
☎ 986 390029 📠 986 322099 ✉ alcaldía@bueu.org

Secretaría

Lucía Artime Alonso, Secretaria Xeral do Ilmo. Concello de Bueu (Pontevedra)

Certifico:

Que o **Pleno da Corporación Municipal** deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día **1 de xullo de 2009**, adoptou o acordo que, transcrito de xeito literal, quedou como sigue:

6. Elevación ao órgano de contratación da proposta de adjudicación de postos e bancadas na Praza de Abastos

O Sr. Alcalde da lectura do dictame da Comisión Informativa de Obras e Servizos Municipais, de data 26/06/09, na parte da acta da Mesa de Contratación que dí:

.../...

Antecedentes administrativos:

Cando son as 11:30 horas do 5 de xuño de 2009, constitúese a mesa de contratación que de conformidade co establecido nos pregos valorará a documentación xeral presentada polos interesados na adjudicación de postos vacantes na Praza de Abastos.

E que se indican de seguido:

1. Rosina M. Cerqueiro González
2. Patricia Chapela Curra
3. Amalia González Piñeiro
4. Ana María Belén Martínez Ventosinos
5. Pescados y Mariscos Soraya Bueu S.L.
6. Josefa Álvarez Cortizo
7. María del Carmen Álvarez Cortizo
8. Gloria Caiño González
9. Pescados Cabodevila C.B.

Segundo resulta da documentación xeral presentada e por non dar cumprimento ó establecido nos Pregos de Cláusulas, en canto á documentación aportada para participar no procedemento de adjudicación e de conformidade co disposto na Lei30/2007 de Contratos do Sector Público e demais disposicións concordantes en materia de Réxime Local.

A Mesa de Contratación, en canto por non dar cumprimento ó establecido nos Pregos, RESOLVE conceder un prazo non superior a TRES DÍAS HÁBILES a contar dende o seguinte ó recibí de notificación deste requerimento ós efectos de subsanación da documentación presentada ás empresas que presentaron documentación con deficiencias e que se indican de seguido:

1. Pescados Cabodevila C.B.
2. Amalia González Piñeiro
3. Gloria Caiño González
4. Ana María Belén Martínez Ventosinos
5. Josefa Álvarez Cortizo
6. María del Carmen Álvarez Cortizo
7. Pescados y Mariscos Soraya Bueu S.L.
8. Patricia Chapela Curra
9. Rosina M. Cerqueiro González



Concello de BUEU

E.Vincenti, 8. 36930 BUEU (Pontevedra) CIF: P3600400J
☎ 986 390029 📠 986 322099 ✉ alcaldía@bueu.org

Secretaría

Cando son as 13.10 horas do 19 de xuño de 2009, reúnese novamente a mesa de contratación que de conformidade co establecido nos pregos valorará a documentación complementaria e enmenda de defectos observados presentada polos licitadores interesados na concesión.

.../...

Pregunta aos Concelleiros se creen necesario facer a lectura de todas as ofertas, ao que estes contestan que non, polo que resume a lectura da acta á proposta de adxudicación que literalmente di:

.../...

Posto num. 13

Solicita: Pescados y Mariscos Soraya Bueu S.L.

En consecuencia a Mesa de Contratación, en canto foi a única oferta presentada para este posto e se atopa conforme ás bases reguladoras da concesión, PROPÓN Ó PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL, a ADXUDICACIÓN PROVISIONAL do POSTO NUM. 13 a Pescados y Mariscos Soraya Bueu S.L. con CIF B-36596435 e moradía na Rúa Castelao num. 30-4º A, deste termo municipal de Bueu.

Bancada num. 1

Solicita Ana María Belén Martínez Ventosinos

En consecuencia a Mesa de Contratación, en canto foi a única oferta presentada para esta Bancada e se atopa conforme ás bases reguladoras da concesión, PROPÓN Ó PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL, a ADXUDICACIÓN PROVISIONAL da BANCADA NUM. 1 a Dª Ana María Belén Martínez Ventosinos con DNI 53.113.766G e moradía na Baixada AreaMilla-Balea 21-B do Concello de Cangas (Pontevedra)

Bancada num. 4

Ainda que esta bancada foi solicitada por Ana María Belén Martínez Ventosinos en segunda opción elévase proposta de adxudicación provisional ó seu favor da bancada num. 1.

En consecuencia a Mesa de Contratación PROPÓN ó Pleno da Corporación Municipal DECLARAR esta Bancada DESERTA neste procedemento de concesión demanial.

Bancada num. 9

Solicita Rosina M. Cerqueiro González

En consecuencia a Mesa de Contratación, en canto foi a única oferta presentada para esta Bancada e se atopa conforme ás bases reguladoras da concesión, PROPÓN Ó PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL, a ADXUDICACIÓN PROVISIONAL da BANCADA NUM. 9 a Dª Rosina María Cerqueiro González con DNI 53.113.405B e moradía na Avenida de Marín num. 6-4º F deste termo municipal de Bueu.

Bancada num. 11

Solicita: Gloria Caiño González

En consecuencia a Mesa de Contratación, en canto foi a única oferta presentada para esta Bancada e se atopa conforme ás bases reguladoras da concesión, PROPÓN Ó PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL, a ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DA BANCADA NUM. 11 a Dª Gloria Caiño González con DNI 78.730.538C e moradía na Rúa Alexandre Bóveda num. 34 deste termo municipal de Bueu.

Bancada num. 17

Solicita:

Josefa Alvarez Cortizo

Patricia Chapela Curra

Pescados Cabodevila C.B.

Puntuación obtida por Dª Josefa Alvarez Cortizo

Prezo.- 4,05 puntos

Prazo.- 3,00 puntos

Total.....7,05 puntos



Concello de BUEU

E.Vincenti, 8. 36930 BUEU (Pontevedra) CIF: P3600400J
☎ 986 390029 📠 986 322099 ✉ alcaldía@bueu.org

Secretaría

Puntuación obtida por D^a Patricia Chapela Curra

Prezo.-10,00 puntos

Prazo.- 5,00 puntos

Total.....15,00 puntos

Puntuación obtida por Pescados Cabodevila C.B.

Prezo.- 9,76 puntos

Prazo.- 1,50 puntos

Total.....11,26 puntos

En consecuencia a Mesa de Contratación, en canto presenta a oferta máis ventaxosa e se atopa conforme ás bases reguladoras da concesión, PROPÓN Ó PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL, a ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DA BANCADA NUM. 17 a D^a Patricia Chapela Curra con DNI 53.118.007J e moradía no lugar de A Graña num. 43 deste termo municipal de Bueu.

Bancada num. 20

Solicita:

María Carmen Álvarez Cortizo

Amalia González Piñeiro

Pescados Cabodevila C.B.

Puntuación obtida por D^a María Carmen Álvarez Cortizo

Prezo.- 10,00 puntos

Prazo.- 5,00 puntos

Total.....15,00 puntos

Puntuación obtida por D^a Amalia González Piñeiro

Prezo.- 4,95 puntos

Prazo.- 2,50 puntos

Total..... 7,45 puntos

Puntuación obtida por Pescados Cabodevila C.B.

Prezo.- 7,92 puntos

Prazo.- 2,50 puntos

Total.....10,42 puntos

En consecuencia a Mesa de Contratación, en canto presenta a oferta máis ventaxosa e se atopa conforme ás bases reguladoras da concesión, PROPÓN Ó PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL, a ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DA BANCADA NUM. 20 a D^a María del Carmen Alvarez Cortizo con DNI 35.272.734A e moradía social no lugar de Ramorta num. 60 deste termo municipal de Bueu.

A elevación a definitiva da adxudicación provisional non se poderá producir antes de que transcorran QUINCE DÍAS HÁBILES contados dende o seguinte a aquél no que se publique a adxudicación Provisional. Durante este prazo o adxudicatario provisional deberá presenta-la documentación xustificativa de que se atopa ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, excepto a alta no I.A.E. para o Concello de Bueu que se xustificará mediante presentación desta e, se é o caso, do último recibo sobre dito imposto, todo esto de acordo co sinalado no art. 13 e seguintes do RD 1098/2001, así como constituir a garantía definitiva.

GARANTÍA DEFINITIVA:

O empresario que resulte ADXUDICATARIO PROVISIONAL deberá constituir unha garantía do 5% do importe da adxudicación, excluído o IVE, na caixa Xeral da Corporación e dentro dos quince días hábiles de publicación no perfil do contratante. Poderá constituirse en calquera das formas previstas no art. 84 da LCSP, e segundo os arts. 55 e seguintes do RD 1098/2001.

O incumprimento deste requisito, por causa imputable ó concesionario, poderá dar lugar á resolución do contrato.

ADXUDICACIÓN DEFINITIVA E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Estarase ó disposto nas Bases DOCE e TRECE da concesión de Postos vacantes na Praza de Abastos do Concello de Bueu aprobadas polo Pleno da Corporación Municipal con data 17 de Marzo de 2.009.



Concello de BUEU

E.Vincenti, 8. 36930 BUEU (Pontevedra) CIF: P3600400J
☎ 986 390029 📠 986 322099 ✉ alcaldía@bueu.org

Secretaría

Sendo as 13.55 horas levántase a sesión do que eu Secretaria da mesma dou fe.

A SECRETARIA,

Asdo. Araceli C. Pérez Morán

O PRESIDENTE,

Asdo. Félix Juncal Novas

Intervén de seguido o Sr. Concelleiro D. José Barreiro Malvido indicando:

Pensamos que as Bases reguladoras para sucesivos procesos de adxudicación poden mellorar, consideramos que non se deben poñer límites ás posibilidades de poder ofertar, de feito unha das bancadas quedou deserta.

O que estamos a pedir non é novo, hai concellos en que o límite a dispor de postos ou bancadas na Praza de Abastos é de seis.

Teresa Magdaleno: *A intención era evitar que unha persoa fora dominante na praza, de tódolos xeitos unicamente houbo unha oferta para a bancada num. 4 e a solicitou en segunda opción.*

José Barreiro: *Cando se abriron as ofertas económicas deuse o caso, e así se informou, de que tres delas tiñan un erro material no prazo da concesión.*

Por eso solicitamos que a mesa de Contratación reconsidere a posibilidade, e caso de que ninguén resulte perxudicado, de ter en conta o prazo de concesión de DEZ ANOS en lugar de TRES que ó final se tivo en conta para as ofertas presentadas con erro material.

VOTACIÓN E DICTAME:

Sometida a votación á proposta da Mesa de Contratación de Adxudicación Provisional de posto e Bancadas vacantes na Praza de Abastos do Concello de Bueu, a mesma foi dictaminada favorablemente por unanimidade dos Sres. Concelleiros asistentes a esta Comisión, solicitando polo Sr. Barreiro Malvido en representación do seu grupo Municipal que a mesa de contratación reconsidere a posibilidade, e caso de que ninguén resulte perxudicado, de ter en conta o prazo de concesión de DEZ ANOS en lugar de TRES que ó final se tivo en conta para as ofertas presentadas con erro material.

.../...

*Intervén a concelleira nacionalista M^a Teresa solicitando a rectificación dun erro cometido na Acta pois onde di *bancada 10* debe dicir *bancada 17* (páxina 3^a da acta)*

Intervén o voceiro popular, Sr. Barreiro, dicindo que na presentación de ofertas houbo por parte dalgunhas solicitantes que resultaron adxudicatarias uns erros, e solicita que no caso de que non afecte a outros e non prexudique a ninguén se atendan as alegacións que se poidan presentar. Pon de manifesto que as adxudicatarias puxeron na súa oferta 3 anos cando o que solicitaban eran 10, dando máis diñeiro polo tanto por menos tempo. Esta duración reducida da concesión chamoulle a atención a algún dos membros da Mesa de Contratación. Conclúe novamente que se non se prexudica a ninguén se atendan pola Mesa as alegacións que se presenten.

Intervén o Voceiro socialista dicindo que van votar a favor, pero que o que realmente lles gustaría sería telo votado fai moito tempo, pois entenden que o proceso dilatouse en exceso. Dí que son nove os adxudicatarios, nove familias que, nesta época de crise e falla de traballo, poderían haber tido traballo moito antes; polo que pide maior axilidade no procedemento para outras veces.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que a Mesa de Contratación debe ter un mesmo criterio para todas as propostas presentadas nas que hai un erro, neste caso son tres, e debemos dicir que nunha das ofertas habería un prexudicado, pois a adxudicataria da bancada sería outra persoa, polo que entendemos que debemos manter o criterio fixado pola Mesa, pois pensamos que é o mais correcto, xa que se mantivo o que literalmente dicían as propostas presentadas, a pesar de que as tres caeron nun sinsentido ao reducir trece anos cando a duración total era de trece anos, as tres puxeron que a duración da concesión era de tres anos, e con base neste dato, produciuse a adxudicación.

Non habendo mais intervencións, sometese a votación sendo aprobada pola unanimidade dos membros presentes (16 votos a favor dos membros de BNG (8), PSOE (2) e 6 do PP), dispoñendo a adxudicación dos seguintes posto se bancadas, nas condicións descritas na proposta:



Concello de BUEU

E.Vincenti, 8. 36930 BUEU (Pontevedra) CIF: P3600400J
☎ 986 390029 📠 986 322099 ✉ alcaldía@bueu.org

Secretaría

- ✓ **Posto num. 13 a Pescados y Mariscos Soraya Bueu S.L.**
- ✓ **Bancada núm. 1 a Dna. Ana María Belén Martínez Ventosinos**
- ✓ **Bancada num. 9 a Dna. Rosina M. Cerqueiro González**
- ✓ **Bancada núm. 11 a Dna. Gloria Caiño González**
- ✓ **Bancada núm. 17 a Dna. Patricia Chapela Curra**
- ✓ **Bancada núm. 20 a Dna. María del Carmen Álvarez Cortizo**
- ✓ **Declarar deserta a adxudicación da bancada núm. 4**

E para que así conste, expido a presente, coa salvedade a que se refire o art. 206 do R.D. 2568/1986, visada polo Sr. Alcalde, na Consistorial de Bueu, a catorce de agosto de dous mil nove.

A Secretaria,

Vº Pr.
O Alcalde,